



VENRES 25
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

UN PECADO CHEO DE PRACER

Adriana Aranda, voz

VERTIXE SONORA

Pilar Fontalba, óboe

Haruna Takebe, teclados

Yulan Yu (China, 1990)	Lilith* (2021) para piano amplificado e soporte fixo
Manuela Guerra (Italia, 1996)	Poème du mal* (2021) para voz, piano e electrónica
Carolina Cerezo (España, 1993)	La peaux douce** (2021) para óboe amplificado, cinta e catro resoadores
Eda Er (Turquía, 1989)	O que algúns chaman virtude, outros pecado* (2021) para óboe, piano, soporte fixo e video
Alyssa Aska (EE.UU., 1985)	Nossis* (2021) para voz, óboe, piano

*Estrea absoluta. Comisionada por Vertixe Sonora

** Presentación en Galicia

O verso da poeta iraniana Forugh Farrojad (1935-1967), acubilla as estreas mundiais de Yulan Yu (China, 1990), Eda Er (Turquía, 1989), Alyssa Aska (EE.UU., 1985) e Manuela Guerra (Italia, 1996) na celebración dos 10 anos da aparición de Vertixe Sonora. Unha reivindicación da creación feminina actual na súa imponente diversidade que se completa coa presentación da derradeira obra de Carolina Cerezo (España, 1993). Na procura de emocións compartidas, camiñaremos adiante e atrás no tempo reelaborando unha historia musical da sorodidade — máis transversal, máis elíptica e máis matizada—, a través do fío de complicidades que a sensibilidade das mulleres leva tecido ao longo dos tempos: O mundo interior das mulleres nos epigramas de Nossis na Italia do século III a. C.; a concepción da feminidade no mito de Lilith ou no pensamento taoísta; a intimidade de goces relacionados coa fisicidade, o tacto e a pel; o tormento da obsesión en Pigmalión; a rebeldía contra séculos de opresión que condenou á infelicidade a tantas mulleres porque aínda escandaliza a súa insobornable liberdade vital... Unha relectura da arte, da literatura, dos mitos e da historia en clave contemporánea coma homenaxe ás creadoras que nos precederon.

VERTIXE SONORA

www.vertixexesonora.net

Desde a súa presentación en Santiago de Compostela en 2011, Vertixe Sonora desenvolve unha intensa actividade en todo o territorio que inclúe xiras nacionais e internacionais e unha forte presenza en Portugal. Aos 175 concertos realizados, súmanse actividades divulgativas e formativas. Concertos en diálogo coas artes, co coñecemento, coa tecnoloxía, cun forte compromiso coa creación musical que fai que desde Galicia se teñan creado 192 estreas absolutas de compositores de 37 países diferentes. Vertixe Sonora presenta concertos a solo, música de cámara e ensemble, desenvolvendo proxectos no ámbito multimedia, a danza, a poesía, as artes performativas, a arte sonora, a música contemporánea, a electrónica, o teatro musical e a ópera. O seu labor foi recollida nos documentarios *Sonutopias* (campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, 2014), *Correspondencias Sonoras* (Manuel del Río, 2013) e *A lira do deserto* (Manuel del Río, 2020) este último en conmemoración do 60 aniversario do nacemento do compositor Enrique X. Macías. Ademais do CD coas obras finalistas do XXVI premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM, rexistrou para WERGO o ciclo *Die Wanderung* da compositora Lula Romero no monográfico *Ins offene* e para NEOS *The dimension of fragile*, arredor da obra do compositor mexicano Víctor Ibarra.

AS OBRAS

Lilith (Yulan Yu, 2021)

para piano e vídeo

Na mitoloxía xudía, Lilith, primeira esposa de Adán, xorde ao mesmo tempo e da mesma arxila que el; por oposición a Eva, creada dunha das súas costelas. Máis tarde tras negarse a servirille, abandonará a Adán definitivamente, e xa non volverá nunca ao xardín do Edén. Debido ao seu comportamento e natureza desobediente, a tradición asocia á imaxe de Lilith certa connotación demoníaca. Por exemplo, a miúdo tradúcese dos textos hebreos *lilith* ou *lilit* como "monstro nocturno". Obviamente, non responde aos estereotipos femininos "tradicionais", mulleres suaves, domadas ou domésticas. Pero na miña opinión, a súa imaxe escura e demoníaca é produto da incompreensión e da inxustiza. Persoalmente, Lilith parécese moi atractiva e actual. No taoísmo, o Yin (feminino) representa a escuridade, así como a calidade de ser tenro e resistente, en oposición ao Yang (masculino) que representa o brillo e a calidade de ser duro e contundente. Xuntos, Yin e Yang forman un círculo perfecto e equilibrado de Tai-chi, como o día e a noite, a luz e a sombra, o ánodo e o cátodo, que conviven e se contrarrestan. Representando "o lado escuro", Yin simplemente simboliza o escondido, o descoñecido, o misterioso, o segredo, o "malvado", é a sombra de nós mesmos que agarda ser revelada, redescuberta e reconectada. Curiosamente tamén, Lilith, que ten trazos de muller "feminista" "liberada" "moderna", foi obxectivamente a primeira, a orixinal, a auténtica muller creada por Deus. Por iso pregúntome: Un, podería ser que a imaxe dunha muller independente e autodeterminada non sexa de feito unha idea moderna senón que se corresponda coa "verdadeira", "orixinal" e "primixenia" natureza da muller?; Dous, á fin e ao cabo, é posible distinguir realmente o "novo" do "vello"?; E tres, quizabes unha revolución sexa, en verdade, un renacemento dalgún tipo? Nesta peza musical gustárame dar a miña interpretación da feminidade —a elasticidade, a sutileza, a beleza, a escuridade, a estrañeza, a suavidade— experimentando sons "convencionais" e "vellos", nomeadamente tonos e harmonías cuasi-tonais, para extraer do kitsch, a estrañeza, e do vello a novidade.

Yulan Yu

Poème du mal (Manuela Guerra, 2021)

para voz e piano

No mito de Ovidio, Pigmalión toma un camiño que o leva progresivamente á tolemia namorándose da escultura que el mesmo esculpiu. A peza segue atormentando a obsesión dun desexo que só se pode realizar na imaxinación ata que perde o control del, e ata que xa non sabe o que é real e o que non.

Manuela Guerra

La peaux douce (Carolina Cerezo Dávila, 2021)

para óboe amplificado, cinta e catro resoadores feitos de diferentes materiais.

A pel suave é unha peza íntima que conecta co corpo e o físico do intérprete e dálle unha nova dimensión a través doutros obxectos. A elección dos obxectos no escenario está condicionada pola natureza dos seus materiais e tamén polos seus símbolos: pel (parche), madeira, metal e papel. Diferentes corporeidades que 'reflecten' diferentes substancias sonoras. Os elementos musicais tamén fan referencia á substancia do propio óboe, ao alento e ao tacto da pel representados na continuidade das texturas e ao comportamento máis ou menos harmónico dos elementos. Os obxectos -xa non inanimados- preséntanse como un elemento intermedio entre o que idealmente podería ser a conexión do físico do intérprete co físico do oínte, do propio espectador. A imposibilidade de contacto completo e a invasión do espazo íntimo -físico e psicolóxico- do outro tamén se reflicte deste xeito. Entender a situación do concerto como unha especie de ritual íntimo que o público parece invadir case sen permiso, así como o uso de obxectos específicos -ao xeito do teatro documental de obxectos- e a procura de situacións escénicas específicas son dúas liñas centrais do traballo que Cerezo está a desenvolver nos seus traballos máis recentes.

Carolina Cerezo

O que algúns chaman virtude, outros pecado (Eda Er, 2021)

para óboe, piano, e electrónica

Pequei un pecado cheo de pracer

nun apreixo cálido e fero.

Pequei arrodeada por brazos

que eran de ferro, ardentes e vingativos.

O verso de Farrokhzad fíxome pensar que a empatía provén do poder persoal do ser humano, e xurde da destrución do que outros teñan creado sobre de nós. Mentres escribía música con esta idea na man, tentei establecer unha forza motriz entre narratividade e fisicidade empregando timbres e símbolos visuais distintivos para enfatizar como de ilóxico resulta esperar a aprobación da sociedade para unha simple necesidade humana.

Eda Er

Nossis (Alyssa Aska, 2021)

para voz, óboe e piano

Ἦ Ξεῖν', εἰ τὺ γε πλεῖς ποτὶ καλλίχορον
Μιτυλάναν
τᾶν Σαπφοῦς χαρίτων ἄνθος ἑωαυσόμενος,
εἶπειν, ὡς Μούσαισι φίλαν τήνα τε Λοκρὶς γᾶ
τίκτε μ' ἴσαν χῶς μοι τοῦνομα Νοσσίς, ἴθι.

*Estranxeiro, se navegas cara a Mitilene de
fermosos coros
para levar a flor da graza de Safo,
dille que unha muller da Lócride, tamén cara ás
Musas e a ela, deu a luz outras cancións similares
e que o meu nome é Nosis. Vai.*

[\(PALAT. ANT. LIBRO VII - 718\)](#)

Locros Epicefirios (en latín Locri Epizephyrii para distinguirse da Locri de Grecia) é unha antiga cidade na rexión de Calabria, na costa sueste de Brucio, non moi lonxe do extremo sur de Italia (xusto no "dedo do pé"). Fundada por gregos no 680 a.C. foi, grazas a Zaleucus, a primeira comunidade grega cun código de leis por escrito (660 a.C.). Locri Epizephyrii fundou colonias, repeleu os ataques de Crotón (séc. VI) e loitou contra a facción ateniense na guerra do Peloponeso. Dionisio I de Siracusa casou cunha locria, aumentou o territorio da cidade e ampliou as súas murallas. Locri Epizephyrii cambiou continuamente a lealdade entre Roma e os seus inimigos ata que Escipión o Africano conquistaron a cidade no 205 a.C. Os musulmáns sicilianos a destruíron definitivamente en 915. Natural de Locri Epizephyrii era Nossis (século III a.C.), filla precipua da que pouco mais sabemos. Contemporánea de Anyte de Tegea (finais do século IV a.C.) as súas composicións foron coñecidas, apreciadas e transmitidas durante toda a antigüidade, tanto que a finais do século I a.C. Antípatro de Tesalónica (un poeta epigramatista) sitúaa entre as nove musas terreaís (en oposición ás nove musas celestes), noutras palabras, entre as poetisas máis famosas e respectadas da antigüidade grega. Coñecida, no seu tempo, coma *thelyglossos*, "de linguaxe feminina", a súa poesía celebra o mundo interior das mulleres: eloxia a súa beleza e carácter, as calidades espirituais e as deidades da vida feminina, así como a relación emocional que as mulleres establecen tanto en familia como na amizade. Representa por tanto, un fermoso festexo da sororidade. Este é un dos doce epigramas que conservamos dela. Sponse que quen viaxa Mitilene, cidade de nacemento de Safo, faino na procura da inspiración causada pola poesía de Safo, tal e como lle aconteceu á mesma Nossis. Escoitemos a voz da compositora: *A partir deste epigrama de Nossis, os sons do piano e do óboe estenden, transforman, amplifican e sitúan un microscopio sobre fonemas, vogais e consoantes do poema. Así, en vez de abordar a peza como unha especie de canción para voz e instrumentos de acompañamento, a poesía resoa e amplifica a voz antiga, ao mesmo tempo que tamén o fai na voz da cantante.*

AS COMPOSITORAS

Yulan Yu (Jiangmen, China, 1990)

Nada en 1990 en Jiangmen, China. A formación de música clásica de Yulan comezou na primeira infancia sendo unha activa instrumentista (piano, teclado, voz, guzheng) que lee partituras ou improvisa. Estudou composición clásica contemporánea con Klaus Lang na Universidade de Artes de Graz, Austria. Actualmente vive en Graz e está a desenvolver obras de composición, proxectos para agrupacións ou en solitario, así como obras de medios mixtos.

Carolina Cerezo Dávila (Málaga, España, 1993)

Compositora de música experimental, profesora (CSM Aragón 2016-), directora e intérprete ocasional, desenvolve proxectos interdisciplinares que inclúen aspectos teatraís así como decisións de programación para diferentes grupos. Forma parte do colectivo E7.2 de Pamplona. Traballa de xeito continuado con OCAZEnigma para quen ten escrito varias obras nos derradeiros anos, así como o deseño dun espectáculo completo "Natureza morta". www.carolinacerezo.com

Manuela Guerra (Italia, 1996)

Estudou con Daniele Bravi en Italia, Veli-Matti Puumala en Finlandia e Michael Jarrell, Luis Naòn e Gilbert Nouno en Xenebra. O seu traballo inspírase en ideas filosóficas, psicolóxicas e literarias con interese no teatro musical e unha investigación sobre a conexión entre texto e voz. A súa música foi interpretada por destacados artistas como Klangforum Wien, Asassello Quartet, Quartetto Sincronie, Keiko Murakami, Anna d'Errico, Luca Sanzò e moitos outros.

Eda Er (Istanbul, Turquía 1989)

Compositora, artista sonora e intérprete que explora esencialmente o potencial da fisicidade e da narratividade na música combinando diferentes campos da arte nas súas obras. Interésalle principalmente producir obras que teñan como obxectivo interactuar co corpo humano e manipular a percepción de fisicidade involuntaria para facer que o público participe coa creación da obra en tempo real. Gústalle colaborar con bailaríns, actores, artistas visuais e improvisar con electrónica e voz. Tivo o pracer de traballar como compositora con destacados grupos, músicos, organizacións e conxuntos, como a Orquestra Sinfónica de Amberes, o Kugoni Trio, Hermes Ensemble, Hezarfen Ensemble, Atlas Ensemble, Christine Cornwell, Tom Collier, o Festival Internacional de Teatro IKSU, o Festival Gaudeamus, Ikincikat, Clout Theatre e A corner in the world. Ademais de compoñer e producir, actúa regularmente co seu dúo musical Esse, co Klank.ist Ensemble e co seu dúo de música e baile The Prufrock como vocalista e músico electrónico. www.edaer.me

Alyssa Aska (Rhineland, Wisconsin, EE.UU., 1985)

A Alyssa fascínalle a arquitectura da música, tanto espacial como temporalmente. Compón obras que exploran extremos no tempo e no espazo, utilizando proporcións ríxidas para xerar formas en obras acústicas e explorando a duración imprevisible e a falta de control nas obras gamificadas. Isto está intimamente ligado ao seu estilo compositivo, que se preocupa por un delicado equilibrio entre elementos de forma funcional e elementos de puro propósito estético. Tanta estrutura como sexa posible, cantos adornos sexan necesarios (e viceversa). Estudou composición nos Estados Unidos con Robert Kyr, David Crumb e Jeffrey Stolet, en Canadá con Robert Pritchard, Keith Hamel e David Eagle e en Graz, Austria con Marko Ciciliani e Klaus Lang. Os traballos e as investigacións de Alyssa realízanse en todo o mundo en festivais como Wien Modern, Ars Electronica Linz, Forum Wallis, ICMC, EMS, Impuls, Darmstadt Summer Courses, Musikprotokoll, Tonraum21, Composit, Mirkofest Helsinki, Microtonal Festival Prague e moitos outros. Foi seleccionada para participar en moitas academias e obradoiros como Wasteland Academy (2019), CrossROADS Festival (2019), Kalv Festival Academy (2020) e reMusik.org (2021). Tamén foi seleccionada para actuar no Simposio Gamified Audiovisual Performance and Performance Practice (Gapp) 2019. Alyssa é membro fundador do colectivo Graz facere, que cada ano presenta concertos en varios formatos e membro actual do colectivo Graz Die Andere Saite. As súas partituras están publicadas por Babel Scores e Verlag Zeitschleife.